

A campaña de recollida de sinaturas por un convenio galego para os centros de menores contou co apoio de máis do 60% do seu persoal

Actualmente en Galiza hai 60 centros de reforma e de protección xuvenil privados ou de xestión indirecta nos que traballan arredor de 800 traballadores/as que atenden a milleiros de menores.

Delegados e delegadas da CIG-Ensino, sindicato maioritario no sector, presentaron esta mañá 505 sinaturas recollidas en menos de un mes entre o persoal que traballa nos centros de reforma xuvenil e de protección de menores, a maioría baixo o paraugas de fundacións e de entidades sen ánimo de lucro que se vén limitados por un convenio estatal no que, nalgúns casos, se recollen conxelacións salariais de máis de 10 anos. A entrega de sinaturas estivo enmarcada nunha concentración fronte á Consellaría de Política Social, dado que unha das reivindicacións que se inclúen no escrito dirixido á súa titular, Fabiola García, é manter unha reunión para abordar a situación destes centros a nivel galego, que na opinión da CIG-Ensino tiñan que ser de titularidade pública dada a enorme función social que realizan.

Esta mañá tivo lugar en Santiago unha concentración de delegados e delegadas da CIG-Ensino que traballan nos arredor de 60 centros de protección de menores e de reforma xuvenil existentes en Galiza e que, como explicaron aos medios unha representación dos mesmos, son moi diversos tanto na súa concepción como na tipoloxía e no número de usuarios e usuarias que atenden. Hai desde centros de reforma pechados, pensados para menores que non poden cumprir penas de privación de liberdade por tema de idade; abertos, que teñen unha función de intervención educativa; puntos de encontro familiares, centros de protección de menores en situación de desamparo que están baixo a tutela da Xunta, vivendas tuteladas para cando



acadan a maioría de idade... Toda esta diversidade e o feito de que cada un deles dependa de organizacións sen ánimo de lucro e de fundacións diferentes fai moi difícil que haxa unha unanimidade nas súas condicións laborais cando a formación (psicoloxía, pedagogía, educación social, traballo social...) e o traballo desenvolvido polo seu persoal é moi semellante. Así mesmo, tamén puxeron de manifesto a disparidade de condicións laborais que teñen ao respecto de quen traballa nos escasos centros de titularidade integramente pública que existen en Galiza. Dúas das persoas que interviñeron no acto foron Germán Estévez, presidente do comité de empresa do Centro de Reeducación Monteledo, de Ourense, ou Vanesa Cernadas, traballadora do Centro de Internamento en Medio Aberto (CIEMA) da Coruña.

Precisamente todos coincidiron en destacar que a súa profesión “é algo moi vocacional pero que isto non é voluntariado nin ten que depender da beneficiencia, como acontecía no pasado, senón que

é unha pata fundamental do eido social, moi invisibilizada na sociedade, e que os traballadores e traballadoras teñen que ter dereitos laborais acordes á súa responsabilidade”. Ao respecto dos centros de reforma xuvenil lanzan unha pregunta á opinión pública e ás administracións. “A ninguén se lle ocorrería propoñer a privatización dos cárceres e, sen embargo, aqueles menores que teñen condenas xudiciais pero que non poden estar en prisión e que teñen unha condición moi vulnerábel si están en institucións privadas, por moito que se trate de fundacións ou entidades sen ánimo de lucro”. Nos últimos anos ademais a prestación do servizo de protección de menores está recaendo en empresas multiservizos que ven neste sector outro negocio como calquera outro cando, como apuntaba o responsábel do sector de Ensino Privado da CIG-Ensino, Henrique García, “trátase da parte máis desprotexida da nosa sociedade e que a Consellaría de Política Social non pode xestionar como meros números, de aí que pidamos unha entrevista coa conselleira para que sente a todas as patronais en Galiza e se avance nun convenio galego nun primeiro momento e despois se aborde a integración no sector público de todos estes centros”.

Segundo estimacións do sindicato, aínda que as cifras son moi volátiles, en Galiza hai milleiros de menores atendidos nestes 60 centros que, malia estaren moitos deles baixo a tutela da Xunta, son de titularidade privada ou de fundacións, pero que se financian case en exclusiva de fondos públicos. Neles traballan por volta de 800 traballadores e traballadoras que ven como, ademais de que economicamente foron perdendo poder adquisitivo, nalgún caso con conxelacións salariais desde hai unha década, non se están a cubrir as baixas ou

vacacións, se teñen que enfrontar cada vez máis a ratios máis altas (e poñen como exemplo que un mesmo educador ou educadora non pode atender ben a 6 ou 7 rapaces á vez), non contan cos pluses de perigosidade e nocturnidade que lles corresponden etc.



Campaña “Convenio galego xa”

Ao remate da concentración Henrique Rodríguez e outros 4 delegados e delegadas entraron no rexistro da Xunta para entregar as 505 sinaturas recollidas en apenas 3 semanas entre o persoal destes centros, o que representa o apoio a esta campaña de máis do 62% do total. No texto desta iniciativa recóllese expresamente a solicitude de contar con un convenio galego que dea resposta ás necesidades e demandas laborais do seu persoal pero tamén a unha mellor atención dos usuarios e usuarias deste servizo social. Así mesmo, no documento reitérase a necesidade de que a conselleira de Política Social tome nota dunha realidade que é da súa competencia e que ten oculta e invisibilizada “con parches que non resolven a situación de vulnerabilidade deste sector, tanto no ámbito laboral como no educativo-social”.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal